

DOMINGO 2 DO ADVENTO Ciclo C

PRIMEIRA Bar 5, 1-9

Deus vai mostrar o teu esplendor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE BARUC

Xerusalén, quita o vestido da túa dor e da túa desgraza,
e viste para sempre o esplendor da gloria que vén de Deus.
Envólvete no manto glorioso da xustiza que vén de Deus:
pon na túa cabeza a diadema da gloria do Eterno.
Deus vai mostrar o teu esplendor a toda cidade baixo o ceo,
pois Deus fará que o teu nome sexa para sempre
"paz da Xustiza e Gloria da Piedade diante de Deus".
Ponte de pé, Xerusalén, ponte de pé no alto, e mira cara ao nacente,
olla aos teus fillos reunidos pola palabra do Santo,
alegres pola lembranza do Señor desde o poñente ata o nacente.
Saíron de onda ti, levados a pé polos inimigos,
pero Deus devólvechos en andas de gloria, coma un trono de realeza.
Pois mandou o Señor que se rebaixasen
os montes altos e os vellos outeiros
e que os barrancos se enchesen volvéndose chairas,
para que Israel camiñe con paso seguro, guiado pola gloria de Deus;
e por orde de Deus as árbores do bosque e as plantas recedentes
déronlle sombra a Israel.
Si, Deus conducirá a Israel con alegría á luz da súa gloria,
coa misericordia e a xustiza que están con El.

SAL. RESP. Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6

R/ (3): *O Señor fai connosco cousas grandes, estamos cheos de alegría.*

Cando vire o Señor a sorte de Sión,
estaremos coma en soños.
Teremos a boca chea de risos
e a lingua de cantares.

Os pagáns dirán entón:
-"O Señor fai con eles cousas grandes".
O Señor fai connosco cousas grandes,
estamos cheos de alegría.

Vira, Señor, a nosa sorte,
coma os regatos no deserto.
Os que entre bágoas sementan,
entre cantares recollen.

Cando van, van chorando
os que levan a semente.
O viren, veñen cantando
os que traen os monllos.

SEGUNDA Flp 1, 4-6. 8-11

Sede sinceros e permaneced sen pecado para o día de Cristo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Sempre que rezo por vós, fágoo con alegría, pola parte que vides tomando na difusión do Evanxeo desde o primeiro día ata hoxe. Eu fío en que o que encetou en vós un traballo bo, halle de ir dando cabo de aquí ao día de Cristo Xesús.

¡Ben sabe Deus con que morriña cristiá vos boto a faltar aquí! E na miña oración pido que o voso amor reborde de penetración e de sensibilidade para todo: así poderedes acertar co mellor para chegardes enxebres e sen chata ao día de Cristo Xesús, e cheos do froito da xustiza que se consegue por medio de Xesús Cristo para gloria e louvanza de Deus.

ALELUIA Coma no n. 4

DOMINGO 2 DO ADVENTO Ciclo C

EVANXEO Lc 3, 1-6

Todos verán a salvación de Deus

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

No ano quince do reinado do emperador Tiberio César, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea e Herodes tetrarca de Galilea; sendo Filipo, o seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide, e Lisantias, tetrarca de Abilene: durante o pontificado de Anás e Caifás, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto. Entón el percorreu toda a rexión do Xordán, pregoando un bautismo de conversión, para acadar o perdón dos pecados, conforme está escrito no libro do profeta Isaías:

Unha voz chama no deserto:

Preparade os camiños do Señor,
reparade os seus vieiros.

Toda barranqueira se cubrirá
todo monte e outeiro se rebaixará,
os camiños tortos hanse endereitar
e os fragosos hanse achanzar.

E todos verán a salvación de Deus.